

letras 2011

l o i s p e r e i r o



Lois Pereiro naceu en Monforte de Lemos no ano 1958. A súa familia era orixinaria das terras do Incio e alí pasaban os veráns Lois e mais os seus irmáns en contacto coa natureza. Con dezasete anos xa era un rapaz moi culto: bo lector, amante da poesía (recitaba aos simbolistas franceses), do cine e da música (Velvet, Bowie). No ano 1975 marchou a Madrid para continuar os seus estudos e alí fundou, xunto con Antón Patiño, o seu irmán Xosé Manuel Pereiro e Manuel Rivas, a revista Loia. Nesta publicación apareceron poemas seus que posteriormente serían recollidos en Poemas para unha loia. En Madrid comeza a carreira de Socioloxía e estuda idiomas. Tamén vai ser en Madrid onde se ve afectado pola intoxicación do aceite de colza que matou a catrocentas persoas e deixou enfermas a unhas dezasete mil. Esta enfermidade déixao moi debilitado e avellentado prematuramente.

De volta en Galicia, Pereiro instálase na Coruña, dedícase á tradución e compón poesía. Figura nas antoloxías colectivas recollidas baixo os títulos De amor e desamor (1984) e De amor e desamor II (1985), recompilacións de poesía en que figuran nomes como Pilar Pallarés, Miguel Anxo Fernán-Vello, Manuel Rivas, Xavier Seoane, Francisco Salinas, Xulio Valcárcel, Lino Braxe e outros poetas de moi diferentes tendencias mais que compartían inquedanzas culturais. Entre as iniciativas conxuntas deste grupo heteroxéneo destaca a edición da revista Luzes de Galiza, onde viron a luz os oito primeiros capítulos da súa novela inconclusa Náufragos do paradiso. En 1982 gaña o premio de poesía O Facho.



En vida Pereiro só publicou dúas obras, Poemas 1981/1991 (1992) e Poesía última de amor e enfermidade (1995), duros e espidos poemarios en que se fan patentes as pegadas expresionistas e as referencias á literatura centroeuropea. Os temas do amor, a morte, a vida e a enfermidade están presentes en toda a súa obra pero tinxidos de vangarda e modernidade.

A morte chegoulle na cidade da Coruña en 1996 cando só tiña 38 anos.

OBRAS:

Poesía:

- Poemas 1981-1991 (1992)
- Poesía última de amor e enfermidade (1995)
- Poemas para unha loia (1997)



Narrativa:

Náufragos do paradiso (novela)

Ensaio:

Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia

Mala sorte

E por primeira vez desde que souben
que aínda respiraba e seguía vivo
sei o que é sentir medo a non estalo

Interrompido na mellor escea
cando estaba soñando un soño dérmico
a serea distancia literaria e sabia

Só ela podía ser tan inoportuna
groseira inculta e pouco delicada
chamándome despois de ter sobrevivido
á comfortable atracción do fracaso
e saber dunha vez o que era a vida
amar e ser amado.

setembro, 95



Vendo eses dous ollos latexantes
cal visión dunha imaxe entresoñada
no seu peito en perfecta simetría

fascina
desexaría entrar nela e refuxiarme
no seu corpo secreto para sempre
protexido da morte
coa súa vida

féndeme o corpo un húmido arrepío
e bícame as vértebras con furia
nun vértigo de dor e de tenrura.



EPITAFIO DE LOIS PEREIRO
***Cuspídeme enriba cando pasedes
diante do lugar onde repose
enviándome unha húmida mensaxe
de vida e de furia necesaria.***



SOMOS FILLOS DE BALBINO

No cincuenta aniversario da publicación de *Memorias dun neno labrego* de Xosé Neira Vilas.

Na adaptación teatral da obra de Neira Vilas, *Memorias dun neno labrego*, que nestes meses percorre Galicia, Cándido Pazó comeza o seu monólogo dicindo que todos somos fillos, netos ou bisnetos de Balbino. E non lle falta razón: a maioría dos galegos vimos sendo descendentes dalgún Balbino, “un rapaz de aldea. Coma quen di, un ninguén”.

Moitos contamos entre os nosos devanceiros cun neno de aldea que comía broa, falaba galego, erguíase cedo “



para ir restrebar ou xuntar mollos” e andaba ao rebusco. Ese avó Balbino xogaba co can, tiña un amigo ao que *ensinaba a cavilar*, namorábase, e aprendía ás veces a forza de losqueadas e esquivando as cambade-

las da vida. O noso avó Balbino tamén soñaba con aprender máis, ser grande e ver mundo; e sobre todo que Manolito o deixase en paz. Un neno, Balbino, que un día se arrepuxo e, en vinganza polas aldraxes e humillacións recibidas, guindoulle un cantazo a Manolito, “o fillo do amo, que come pantrigo, bebe café con leite e non se ten que erguer cedo”.


Todos os Balbinos que foron e son loitaron para cambiar o seu sino de nenos labregos, aldeáns e pobres. A eles debémoslles o que hoxe somos. Se vivimos con máis dignidade e coidamos ser un chisco máis libres, é grazas á afouteza dos moitos Balbinos que nos precederon.

Porén algúns hai que son fillos de Manolito, “o neno do señor”. “Un rapaz moi limpiño, que fala castelán e non hai quen lle tusa”. “Que non ten dereito a darme cos seus zapatíños novos nas canelas, nin cuspirme nin dicir que se eles queren, teremos que deixar a casa e as leiras”. Os Manolitos de hoxe non son moi diferentes ao que coñecía Balbino.

Mais os tempos mudaron e hoxe os fillos de Balbino e de Manolito compartimos aulas, traballos, ideoloxías e ata semella que hai moitos Balbinos trocados en Manolitos ou que todos os Manolitos se volveron humildes Balbinos. Vivimos mesturados, nunha aparente harmonía. E ata podemos pensar que os anceios de liberdade dun neno labrego se cumpriron nos seus descendentes; pero iso non é máis ca un espellismo: os Manolitos existen e están agochados nas múltiples carautas dun mundo que segue gobernado polas mesmas inexorábeis leis que rexían cando Neira Vilas escribiu o seu libro. Unha sociedade que finxe agasallarnos con oportunidades para todos pero que, sutilmente e sen decatármolos, apreixa os nosos pescozos con fermosos colares que deveñen argolas.

Quen serán os Balbinos que arreboalarán os cantazos para crebar as argolas?

O noso recoñecemento a Neira Vilas por ter escrito un libro tan auténtico e aos nosos avós, verdadeiros protagonistas da novela.



QUEREMOS ESTUDAR EN PAZ

Perante a situación de permanente acoso e agresión que está a sufrir o CPI "Virxe da Saleta", vítima de reiterados ataques e graves actos de vandalismo, o último deles acontecido o 12 de xaneiro, coa intrusión violenta no seu recinto e destrozos varios nas instalacións e material, os e as abaixo asinantes, membros da comunidade e do contorno educativo do centro expresamos:

- A nosa máis enérxica condena a este novo atentado contra toda a comunidade educativa.
- Facemos pública a nosa total solidariedade co CPI "Virxe da Saleta" e lembramos que este é o último dunha serie de graves ataques que se veñen repetindo impunemente durante varios cursos contra o noso centro de ensino. No inicio do presente ano escolar, sen ir máis lonxe, o CPI sufriu un roubo de material informático e un incendio premeditado que ocasionou importantes danos nas instalacións e no material e provocou graves trastornos no funcio-

namento, que aínda hoxe seguen sen estar completamente subsanados.

- Esiximos unha maior implicación das autoridades competentes, xa que a día de hoxe, o centro se atopa nunha situación de inseguridade, impotencia e abandono que dificulta grandemente o normal desenvolvemento das actividades lectivas.
- Demandamos que, dunha vez por todas, se preste atención ás permanentes denuncias do noso centro e, tal e como o claustro e o consello escolar teñen reclamado, se tomen de inmediato todas as medidas necesarias para impedir a continuidade das agresións e restaurar o funcionamento normal do centro en plenas condicións de normalidade, seguridade e tranquilidade.

San Cristovo de Cea
15 de xaneiro de 2011

É ASUNTO DE TODOS

O presente curso comezou cunha triste noticia para a nosa comunidade educativa. Unha compañeira faleceu en accidente de tráfico xusto ao carón do centro. Foi unha morte máis que se cobra a trágica combinación de alcol e condución. A nosa compañeira Elena Sotelo ía ser profe de inglés no CPI Virxe da Saleta e ademais era nai de dúas nenas. E todo isto rematou cando un condutor irresponsable a levou por diante. Todo o claustro e demais comunidade educativa solidarizámonos coa súa familia e condenamos con firmeza este feito.

A súa morte e moitas outras son evitables. Esta loita é asunto de todos. Dos condutores, os primeiros, que deben ser responsables e conscientes. Das súas familias que os acompañan

no coche ou poden evitar que suban a el. Dos hostaleiros que moitas veces coñecen ao condutor ao que serven alcol e saben que vai coller o coche despois. E por suposto, dos centros educativos.

E con ese motivo escribimos hoxe este texto na nosa revista. Porque o noso traballo de educación está nas aulas, pero tamén de portas cara fora é o noso deber axudar a que toda a comunidade educativa tome consciencia desta situación. Para loitar contra a rutina, a desidia e sobre todo totalmente en contra da combinación alcol e volante.

Nin unha morte máis.

Martiño Ramos Soto



que queres ser de maior?

Seguramente moitas persoas che preguntaron que che gustaría facer no futuro. No colexio de Cea celebráronse recentemente as Segundas Xornadas de Orientación Laboral para os alumnos de segundo, terceiro, e cuarto de ESO do centro, organizadas polo Departamento de Orientación en colaboración cos Concellos de San Cristovo de Cea e Piñor. As xornadas foron divididas en dous días.

Ao primeiro día asistiron aquelas persoas que realizaron ciclos formativos e que na actualidade están traballando.

Esta primeira sesión iniciouse coa intervención de Javier Blanco Janeiro, xefe da empresa de ataúdes Janeiro. Explicounos como funcionaba a fábrica, as máquinas que había que controlar e como se facían os ataúdes por pezas. **Para finalizar que se a algún lle gustaba o traballo de vernizador que aprendese máis sobre el, pois hai poucos que o saiban facer ben.**



Sonia Moral Álvarez, que estudou perruquería e estética e é terapeuta natural, dixo que como todo estudo é difícil porque, entre outras cousas, tes que aprender moitas partes da pel e de todo o corpo. Tamén realizou estudos de fisioterapia. Actualmente traballa en Cotelas como xefa da Perruquería Moral.

O terceiro ponente foi José Manuel Otero, xefe de taller. Adicase fundamentalmente a arranxar a chapa e a pintura de vehículos, e ademais ten un servizo de guindastres. Fixo un ciclo pero dixo que en calquer traballo, e en especial no seu, **hai que estar aprendendo todos os días cousas novas porque grazas á tecnoloxía hai moitas cousas que cambian. Cando ten que acudir a un accidente debe saber poñerse no lugar do accidentado para poder entendela e facerlle máis livián o que lle ocorra.**

Delmiro Rozas, técnico de electromecánica, explicounos que o seu traballo é similar ao do xefe de taller, pero con máis electrónica e máis tecnoloxía. Dixo que do seu traballo dependía a seguridade e a vida de moitas persoas. **Aconsellounos que nunca estivesemos nese traballo sen vocación posto que se non, sería moi desagradable, e que antes de facer mal unha cousa que non saibas facer é mellor mandar ao cliente a outro taller.**

Ana Beatriz Doval Estévez, que é garda civil en Cea, comentounos como tiñamos que facer para acceder ao posto que ela desempeña. Díxonos que se podía facer por oposición. Neste traballo cantos máis estudos

teñas, máis ascenderás, desde o cargo máis pequeno ao máis grande. Aínda que tamén nos **comentou que ninguén estaba por riba de ninguén, xa que o seu xefe máis alto é o ministro, e este está por debaixo de todos os cidadáns.**

Para rematar o primeiro día, entrevistou Modesto Ramos Fernández, que é técnico de mantemento de calor e frío. Fixo un ciclo de Fontanería e Mantemento de Instalacións Térmicas onde tiñan clases prácticas nas que examinaban algúns electrodomésticos e o seu funcionamento.

Na segunda sesión das xornadas asistiron invitados que realizaron o bacharelato e algunha carreira universitaria. Algúns xa estaban traballando e outros aínda se atopaban no medio dos seus estudos.

A sesión comezou coa intervención de Luís Alfonso Vázquez Fernández, médico do Concello de Cea. Comentounos que Medicina é unha carreira difícil, pero, como con outra calquera, con esforzo sácase perfectamente.



Dixo que na súa profesión é necesario saber poñerse no lugar do paciente, posto que, se acoden a ti é para que os axudes. Tamén nos ofreceu a observación de que se queremos ser ricos temos que ser banqueiros ou políticos, pero que se queremos ser medianamente felices temos que facer algo que nos guste.

Isabel López Vázquez, outras das ponentes, contounos a historia de como chegou a ser enfermeira. Dixo que tivo malos momentos, sobre todo cando era principiante, pois **sentíase un pouco perdida e a veces tiña que tratar con enfermos terminais**. Ela cre que se debía a falta de costume, pois agora responde perfectamente a esas duras situacións.

Manuel Jesús Pérez Rodríguez, que é aparellador e técnico superior en prevención de riscos laborais, explicounos a súa carreira académica. Díxonos que antes de nada debe gustarche o debuxo, particularmente o debuxo técnico, e todo o relacionado coa construción. Tamén nos dixo que a día de hoxe no seu traballo hai bastantes saídas.

Noemí González Camba estudou Dereito e está preparando unhas oposicións para xuíza. **Gañou varios premios polo seus expedientes académicos**, Matrícula de Honra no Bacharelato, Premio pola Universidade de Vigo e pola Xunta de Galicia pola súa traxectoria universitaria. Contounos que a súa é unha carreira bastante dura, pero que con esforzo e moita dedicación poderíamos conseguir obtela. Sempre que nos guste, porque se non, chegaríamos cun estado de ánimo pésimo. Ela entrou nesa carreira despois de facer o bacharelato e de aprobar a selectividade. **Explicounos que as principais saídas laborais para un licenciado en Dereito eran as de avogado, xuíz ou procurador**.

Carmen Fernández Vázquez, profesora de infantil do noxo colexio, explicounos que fixo un bacharelato e que logo comezou a facer Maxisterio. Cando acabou fixo unhas

oposición para poder traballar nun colexio público. Explicou que para esta profesión tes que ter vocación, porque se non, os alumnos acaban odiándote e ti acabarás tamén farta deles. Tamén nos dixo que **hai que saber que todo**

nenos é diferente e que hai que saber tratalos.

Rosana Bernárdez Peña, que actualmente traballa no concello de Cea, tamén nos contou a súa historia. Dixo que a súa carreira (ela é Diplomada en Educación Social e Licenciada en Psicopedagogía) como ten pouca demanda, é pouco coñecida. **O seu traballo consiste a atender a persoas con necesidades e a xente maior e en organizar actividades culturais e educativas para o concello. O seu traballo é moi activo e emprendedor**.

Finalmente, Antonio Rodríguez Vázquez, explicounos que está estudando Enxeñaría Informática na Universidade de Vigo. **Díxonos que os seus estudos requirían moito esforzo e que se nos gustaba que non dúbidasemos en collela**. Explicounos que non tiña nada que ver co que el facía antes no colexio, posto que eran cousas moi diferentes e moi difíciles.

O obxectivo principal das xornadas cumpriuse perfectamente: agora xa sabemos mellor que decisións tomar nos estudos para conseguir o traballo que nos gusta.

Ángel Otero Castro. Alumno de 4º da E.S.O.



XORNADAS DE INTERCULTURALIDADE

Fame, pobreza, estancamento económico, represión, xente que tivo que exiliarse, emigrar...



Estas son algunhas das consecuencias que trouxo a guerra civil. Isto provocou que moita xente da que nós coñecemos, coa que temos relación, incluso coa que compartimos xenes tivese que irse a outro país, en busca de traballo par poder axudar a súa familia. Tiveron que saltar obstáculos tan complicados como: deixar a súa familia, os seus amigos, a súa xente, a súa terra, os seus costumes e algo tan importante e imprescindible como a súa lingua. Pero ademais de deixar atrás todo isto tiveron que adaptarse a algo completamente novo para eles e descoñecido.

Se somos capaces de poñernos na pel dos nosos familiares e amigos, por que non somos capaces de poñernos no lugar de tantos inmigrantes que chegan ao noso país todos os meses, en busca de algo mellor?

Se sabemos o duro que é emigrar, por que moita xente discrimina as persoas de cor?

Estas foron, entre outras, algunhas das preguntas que se formulou o orientador do noso centro (José Luis), os titores e o resto de profesores. Con esta actividade intentouse facerlles ver aos alumnos que discriminar alguén polas súas calida-

des físicas, é algo totalmente inxusto e necio.

As xornadas tiveron lugar no segundo trimestre, ao longo da primeira semana de Febreiro, entre as 15:30 e as 17:30. A estas xornadas asistiron moitos ponentes.

O luns 7 de febreiro tivemos a participación dos seguintes relatores:

D^a. Montserrat Pérez Viso. Avogada de CITE Galicia de CC.OO.

David Jolivet. Lector do CPI Virxe da Saleta. País de procedencia: EE.UU.

D^a Judith Sing. Responsable de Cooperación Internacional. País de procedencia: Nicaragua.

O martes 8 de febreiro, celebrouse unha mesa redonda sobre emigrantes (españóis no mundo). Tratou sobre cales foron as causas da súa marcha e as dificultades con que se atoparon. Asistiron os seguintes ponentes:

D. José Bernardez Rodríguez. País de destino Alemaña.

D. José Ramón Bernárdez Fernández. País de destino Alemaña.

D. Manuel Rodríguez Rodríguez. País de destino Inglaterra.





O mércores 9 de febreiro, un inmigrante D. Mor Tala Leye e a súa muller, procedentes de Senegal, comentáronos a súa experiencia de integración en España.

O xoves 10 de febreiro celebrouse unha mesa redonda sobre inmigrantes que viven nos Concellos de San Cristovo de Cea e de Piñor e trataron cales foron as causas da súa chegada e as dificultades con que se atoparon. Houbo a participación dos seguintes convidados:

D^a Sara Abrigo Guamán. Alumna de 4 de ESO. País de procedencia: Ecuador.

D^a. Juana del Carmen Arieta. País de procedencia: Colombia.

D. Enzo Pirruccio Pizzo. País de procedencia: Italia e Venezuela.

D^a M^a Adelaira Fibrao Novoa. País de procedencia: Portugal.

Por último, o venres 11 proxectouse unha película chamada "Cartas de Alou", na que se narra a chegada a España dun inmigrante ilegal. Sufría aldraxes por parte dos españois e namorárase dunha rapaza á que ve por última vez cando o levan preso mentres ela

marcha no tren. Logo desta película, que recomendamos que a vexan, estivemos debatendo entre todo o alumnado da ESO e chegamos á conclusión de que o racismo é unha absoluta parvada. Hai persoas boas e malas, altas e baixas, entón é unha gran aberración discriminar por ningunha razón. Entendemos que se discrimine a unha persoa ruín, capaz de

facer mal a un colexio, pero a unha persoa tan só por ter pigmentación máis escura, non ten nin pés nin cabeza.



Se algo aprendemos destas xornadas foi que non se debe ser racista, homófobo, etc... Debemos estar abertos a novas culturas e aprender dos demais.

Lidia Bernárdez Cadaía e Eduardo Fernández Díaz. 4º E.S.O.



La experiencia como una emigrante adolescente

Una como emigrante se siente al principio desolada, es decir, sola sin nada, solo con aquellas personas que están a tu lado, en mi caso solo mi familia, solo tres personas con las cuales cuento ahora.

Al llegar aquí todo es empezar de cero. Y así fue: empecé sin entender casi nada, pero creo que era por el miedo, ahora ya pasado un año y medio, lo veo todo desde otra perspectiva y ya ahora todo es más fácil para mí que al principio.

Recientemente en este centro, el CPI Virxe da Saleta, se organizaron unas jornadas de interculturalidad donde tuve la maravillosa ocasión de participar. Para mí fue algo genial, ir conociendo y viendo que hay muchas más personas que han emigrado, y que en algunas ocasiones, no todos tienen la misma suerte que he tenido yo como emigrante, es decir que algunas de las personas invitadas comentaban haberlo pasado fatal. Pero aun así, supieron salir adelante. Sin embargo, yo aquí lo tengo todo: estudio, tengo amigos, compañeros, personas que desde el inicio me supieron ayudar.

En estas jornadas de interculturalidad tuve la ocasión de poder dar a conocer unas

pequeñas características de mi país, así como costumbres, tradiciones... Les comenté sobre lo que más extraño y lo que más me hace falta aquí, recordé mi despedida y el sufrimiento que en aquel momento sentí. Fue ahí entonces cuando ya no pude contener mi sentimentalismo hacia aquellos seres queridos y sin soportar más, las lágrimas brotaron.

En ese momento volví a tener aquella imagen tan triste de aquellas personas y se me oprimió el corazón, cuando vi que entre el público también caían algunas lágrimas supe que me escuchaban, que sentían lo que yo sentía y que comprendían lo que estaba diciendo. Por lo cual para mí fue fenomenal y muy satisfactorio contar mi experiencias.

Por decir puedo concluir que este centro educativo, ha hecho una buena labor convocando estas sesiones en las cuales los adolescentes aprenden, mucho y comprender por lo que uno como emigrante debe pasar, aunque todas las situaciones en todos los casos no son iguales. Algunas son mas más duras que otras, mientras que otras ocasiones como la mía son fenomenales.

Sara Abrigo Guamán

CÓMO AFRONTAR NUESTRO FUTURO

Con ilusión, humildad, iniciativa, agilidad, aspiración, rendimiento, prevención, igualdad de derechos, formación, continua formación, responsabilidad, esfuerzo, superación, conocimiento, empatía, respeto, sacrificio, trabajo en grupo, disponibilidad, observación, vocación.

Para conseguir satisfacción, realización y orgullo por uno mismo y por favorecer a que la vida de los que nos rodean sea más apacible y relajada.

En las II Jornadas de Orientación Laboral del pasado mes de Abril se trataron temas de importancia de lo que puede ser nuestro futuro, dependiendo de lo

que nosotros elijamos ser. Para ello **los ponentes recalcaron estas cualidades, necesarias para las distintas profesiones** de las que se hablaron desde el ingeniero, los empresarios, los técnicos hasta el médico.

Todos recalcaron las características que mencioné al principio. Ya sabéis, lo que queráis ser afrontado de esta manera, como ellos hablaron. **Con esfuerzo se obtienen buenos resultados**, acordaros de esto. Ojalá vuestro futuro os depare una gran existencia.


José Luis Otero Rozas. Alumno de 4 de ESO.

soñei que...

Alumnos/as de 3º de Primaria

PABLO OTERO ROZAS:

...Tiña unha bicicleta. Unha noite deiteime pensando na miña bicicleta e cando empecei a durmir aparecéuseme a bicicleta no meu soño. Pero non era unha, senón dúas bicis como a min me gustaban. Nese soño paseino moi divertido.



YENNIFER BERNÁRDEZ VÁZQUEZ:

...Estaba con dúas cadeliñas (unha chámase Laica e a outra, Laxi) e apareceron moitos, moitos cancións que estaban mancadas e eu curei a todos os cancións.

CARLA CIBEIRA CARIDE:

...Un día pola noite viñan unhas fadas para que eu pedira dous desexos. Eu pedín que puidera ir ver unha película ao cine. E o outro foi que fora de viaxe ao estranxeiro. As fadas concedéronme os meus desexos pero no medio da película espertei. Non quedei triste porque era todo un soño.

ALEJANDRO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:

...Estaba xogando á oca e, de pronto, abriuse un portal ao núcleo da Terra. Alí a cada un dábannos unha armadura de ouro con garras de aceiro inoxidable e eramos invencibles. Un meteorito ía impactar pero co raio láser gañamos. As armaduras estouparon, pero tiñan un botón e facíanse outra vez como eran antes e así fixémonos invencibles.

RAÚL GALLEGO GONZÁLEZ:

...Estaba na cociña e botábanme á despensa e viaxaba ao pasado. Había nunha cidade tres verdes homes que eran malos. Mesmo estaban na miña despensa. Eran amigos dun coloso, do home do Señor dos Aneis, dunha bruxa e de dous xigantes. Eles estaban nunha cidade, pero Cea é un pobo. O colexio estaba ardendo e a miña clase estaba en E.S.O. Só existía a clase de terceiro.

LAURA DE MANUEL GONZÁLEZ:

...Voaba nun avión moi bonito. Chovían caramelos e piruletas. Eu saquei o meu casco para coller caramelos. Collín moitos, pero ao sacar o casco soltei o volante do avión e esnafrouse contra o chan.

GISELA PANADEIROS RODRÍGUEZ:

...Estaba na clase facendo un exame de lingua galega. Non me lembraba das respostas. Entón a miña

fada madiña díxome as respostas do exame e aprobeino cun dez. Pero ao final todo foi soño.

XOSÉ PÉREZ BLANCO:

...Tiña un xeado de tres metros cun cornete, chocolate, vainilla e nata. Pasaron días. Comino. Estaba saboroso porque tiña labras de chocolate.

ALBA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ:

...Montaba nunha xirafa moi, moi grande. A xirafa andaba e andaba e atopámonos cunha abella que picou á xirafa. Eu baixei da xirafa e púxenlle unha tiritá para que non lle sangrara. E foise feliz e contenta.

ANDREA VÁZQUEZ RODRÍGUEZ:

...Estaba na clase e pedín para ir ao baño. Fun e atopei un portal. Entrei e fíxeme pequena como unha formiga. Andei e andei e oía unhas risas...Eran fadas! Leváronme para un paraíso de fadas e trasnos. Cando o vin, era precioso pero había unha fada chorando. Fun onde ela e pregunteille: ...Que che pasa...? Díxome que todos se metían con ela e eu respondílle: ...Non lles fagas caso! E fixémonos amigas e nunca máis se meteron con ela. E o conto rematou aí porque miña mai me espertou.

ALICIA GARCÍA POUSA:

...Estaba na clase e de repente fun a un libro de contos onde había dragóns e xigantes. Tamén había un volcán onde vivía o xefe dos dragóns do mundo e todos os seres máxicos lle ían levar comida e bebida. Eu fun por un camiño estreito e cando cheguei ao fondo do camiño, estaban cinco seres máxicos, cada un de cada clase. Cando me viron, acercáronse a min e un dos dragóns tocoume e volví por arte de maxia á clase.

VANESA SALGUEIRO VÁZQUEZ:

...Era veterinaria e coidaba os animais para que estivesen sans e xogar con eles. Os que máis me gustan son os cans e os gatos; e un pouco os coelliños pequenos. Iso é o que quero ser de maior.

SANTIAGO QUINTILLÁN HERMIDA:

...Había comida de todo tipo. Había polo, pan, ensalada, peixe, patacas fritas...Estaba todo riquísimo e despois xoguei cos meus compañeiros: Xosé, Pablo, Raúl, Alex, Alba, Alicia, Carla, Yennifer, Laura, Vanesa, Andrea e Gisela.



Origami, unha técnica milenaria

Hoxe estase a falar moito de Xapón. E esta vez non se fala dos últimos avances en tecnoloxía de comunicación, dos deseños máis innovadores na industria automobilística, nin do último prototipo robótico no que se está traballando. Por desgraza, tampouco se fala da súa cultura milenaria, da súa arte, nin da súa cando menos diferente gastronomía.

Por desgraza falamos dunha catástrofe, da CATÁSTROFE. Un país punteiro, tecnoloxicamente evolucionado, un país do primeiro mundo, quedou literalmente varrido en gran parte pola única forza que de cando en vez decide demostrarnos quen manda aquí; a querida e temida forza natural. A Natureza, que vén pornos no sitio, que non distingue de ricos e pobres, e que é capaz de sobrecolernos tanto coa súa beleza, como coa súa fereza.

Hoxe queremos estar con Xapón. E queremos proporvos unha bonita actividade, chegada dende a cultura xaponesa, que xa puxeron en práctica os alumnos de 2º de ESO. Practiquemos origami.

O origami é unha arte de orixe xaponés, parte integral da súa cultura dende hai máis de mil anos. Consiste no pregado de papel, para obter figuras variadas. Segundo a filosofía oriental, o origami achega calma e paciencia a quen o practica. A orixe da palabra procede dos vocábulos "oru" (pregar) e "kami" (papel). O origami ten unha orixe relixiosa, inicialmente utilizábase para realizar ofrendas en certas celebracións. Posteriormente esta técnica foise popularizando, e transmitindo de xeración en xeración.

Aquí chamámoslle papiroflexia. Hoxe en día, está consolidado como pasatempo en todo o mundo, e tamén como recurso pedagóxico, favorecendo a capacidade de concentración, a creatividade e a motricidade fina. É utilizado polos matemáticos na ensinanza de xeometría. Tamén se utiliza en terapias para rehabilitación de lesións cerebrais, para tratar enfermidades relacionadas coa idade, ou simplemente para mellorar a saúde do noso cerebro.

Animámosvos a practicar facendo este calendario dodecaédrico. É unha forma de aproximarnos un pouquiño a esta cultura, e pode permitirmos comprender aínda que sexa levemente, a súa natureza pausada e a admirable firmeza que mostran ante os difíciles momentos que lles está tocando pasar, dándonos a todos unha lección de humanidade, serenidade e fortaleza espiritual.



CONSTRUCCIÓN DUN CALENDARIO DODECAÉDRICO.


Podedes descargar o modelo na páxina www.toddsplace.ca

Realizamos duas dobreces no centro, só nos extremos.




Dobramos, dende cada canto, ó centro do lado contrario, marcado no paso anterior.

Unha vez feitos os catro cantos, este é o resultado.



Agora marcamos e repasamos as dobreces que vedes na figura. Dobramos as liñas entrecortadas (vermello) cara fóra e as liñas de puntos e raias (verde) cara dentro..... Este é o paso máis difícil!!!



Facemos o mesmo co outro extremo..... este é o resultado. Últimas dobreces para pechar as lapelas.



Dobramos as solapas, e temos un rombo, con solapas en dous extremos, e bolsos nos outros dous.



Agora só queda facer o mesmo cos outros meses... e montar o dodecaedro introducindo as lapelas duns, nos bolsos dos outros.



O recanto das ciencias GALICIENCIA 2011



Despois de meses de intenso traballo de investigación, saíron a luz os nosos proxectos. Este foi o segundo ano no que os nosos alumnos representaron ao colexio na feira científica organizada polo parque tecnolóxico de Galicia (Tecnopole).

En Galiciencia, colexios de toda Galicia, Cataluña e Euskadi, defenden os seus proxectos científicos e compiten por un premio que consiste en levar os seus traballos a feira científica de Barcelona (Exporecerca).

Nesta edición, foron seleccionados no noso colexio, catro proxectos dos dez enviados. Os proxectos aceptados son:

"O poder de convicción das ONG's"

"Como a pragmática evitaría accidentes aéreos"

"As caras ocultas da cara"

"¿Por que esperar a nacer para escoitar música?"

Foron defendidos por alumnos de 2º, 3º e 4º da ESO, con gran entusiasmo e profesionalidade, deixando o pavillón de Cea moi alto. Os titores dos proxectos sentimos realmente moi orgullosos deles, pero tamén daqueles alumnos que traballaron, pero cuxos proxectos non foron seleccionados polos xurados da Galiciencia, e tiveron que quedar fora. Moitas grazas a todos eles, e a seguir intentándoo e traballando en novos proxectos.

As experiencias dos alumnos

Son alumna de 4º ESO do C.P.I. Virxe da Saleta, este é o segundo ano que participo no concurso de Galiciencia. Decidimos apuntarnos porque as nosas profesoras de bioloxía e tecnoloxía nos animaron a facelo. Era unha nova experiencia e deci-

dimos probar. O primeiro ano os meus compañeiros, Bea e Daniel e máis eu fixemos un proxecto relacionado co mundo dos perfumes, sen embargo este ano xa tiñamos máis experiencia e Daniel e máis eu decidimos investigar algo máis a fondo noutro campo, o da aviación.

Estudamos se a pragmática, a maneira en se comunicaren os pilotos na cabina, podería afectar nos accidentes de avións. Traballamos a fondo neste proxecto. Estaba dirixido polo noso profesor de lingua castelá que nos axudou e proporcionounos información. Investigamos unha morea de conversacións entre pilotos rexistradas nas caixas negras, clasificámolas segundo o problema que atopabamos. Tamén contactamos con pilotos para preguntarlle que tipo de comunicación utilizaban. Estivémonos quedando no colexio despois das clases ata tarde para poder rematar este proxecto pero todo isto mereceu a pena. Chegamos a unha conclusión. A comunicación entre os pilotos non sempre era a correcta. Debían comunicarse de maneira formal e eles non sempre a utilizaban. Tamén destacou o principio de cortesía e os rangos entre os ocupantes da cabina. Moitas veces eses pequenos detalles poden acabar coa vida de centos de persoas.

Para min estas actividades foron moi importantes, porque aínda que levamos traballo pasamos tres días expoñendo o noso proxecto a centos de persoas. Onde aprendemos a expresarnos e desenvolvernos. Foi marabilloso, por min repetiría as veces que fixesen falta. Aprendemos e á vez pasámolo ben.

Lucía González Rodríguez

A experiencia en Galicia este ano foi mellor incluso que a pasada edición. É unha sensación verdadeiramente excepcional cando a xente eloxia o teu traballo e interésase en escoitarte. Tras días de duro traballo, moitas veces contra-reloxo, foi moi gratificante que se recoñese o noso esforzo. Ademais de presentar o noso proxecto tamén tivemos a oportunidade de coñecer rapaces e rapazas simpaticuísimos, e a mestres dos que aprendemos. Outra sensación especial é cando a prensa se achegou ao noso stand, e despois ver artigos en periódicos nos que se falaba do noso proxecto. Tamén aprendemos moitísimas cousas escoitando os proxectos dos demais. É unha das cousas máis interesantes que fixemos na nosa etapa en Cea, e que recordaremos sempre.

Daniel Dacoba



O participar no certame científico Galicia foi unha experiencia realmente estupenda. Este xa foi o segundo ano, pero foi sen dúbida no que máis disfrutei. Non porque nos tratasen mellor que o ano anterior, non, ambos os dous anos recibimos un excelente trato por parte de todos os colaboradores, pero este ano, por ser o segundo e ter máis experiencia, por saber co que nos íamos atopar, levábamnos máis confianza en nos mesmos, e ademais o proxecto, polo menos o meu e o da miña compañeira deste ano, estaba máis traballado, e resultou máis interesante, aprendín moito con el, e expuxen algo do que me sentía segura.

Dende o primeiro momento non nos puxemos como meta gañar, senón participar, aprender, disfrutar e compartir todo o que aprendemos con outros rapaces da nosa idade, profesores, universitarios, pais de alumnos...

Todos os que participamos estamos moi orgullosos do noso traballo. xa Sentimos gañadores no momento en que aceptaron o noso proxecto. Foi unha grata experiencia, sen dúbida, para todos nós.

Beatriz Álvarez



Foi unha experiencia inigualable, xa que nunca antes expuxera un traballo a persoas tan diferentes. Para min foi como vender un produto, porque realmente cría que o meu traballo era bo e tiña que intentar vendelo da mellor maneira. O que máis me chamou a atención, foron os proxectos tecnolóxicos, pero os nosa investigación foi igualmente laboriosa. Unha das cousas máis bonitas foi explicalo aos máis pequenos, porque tes que saír do guión, cargado de tecnicismos para que te entendan.

Dende aquí darlle as grazas a todos aqueles que nos apoiaron: o noso titor do proxecto, José Manuel Dopazo, e as profesores de tecnoloxía e bioloxía Maite López e Conchi Casas, e a todos os alumnos que se interesaron polo noso traballo.

José Luís Otero

Blanca no Reino Fantasma

BLANCA, UNHA NENA MOI IMAXINATIVA, POR COMER UNHA PIRULETA MÁXICA, PASARÁNLE MIL COUSAS SORPRENDENTES

BLANCA COMEZA A MAREARSE E A VER COUSAS RARAS DAN DO MIL VOLTAS

QUE RICA ESTÁ A PIRULETA

DONDE ESTOU? QUE FAGO AQUÍ?


CLÁ! ESTÁS NUN MUNDO MÁXICO, O REINO PANTASMA. TOMA O MAPA PARA SAIR DE AQUI TERÁS QUE SUPERAR VARIAS PROBAS NA PRIMEIRA DEBES ATRAVER A COVA

XA ENTROU NA COVA...

UII QUE MEDO

TENO QUE BUSCAR UNHA SERRA, INVISIBL E CHORÁNDO

XA SAIU DA COVA...






Nalgúns libros de texto as algas e os fungos son considerados plantas, pero noutros non se clasifican coma tales; por iso, preguntámonos: son, non son ou ...

◆ *Qué son?*

As algas ou oucas comprenden varios grupos de seres vivos acuáticos e autótrofos, ou sexa, que producen a enerxía necesaria para o seu metabolismo a través da fotosíntese. A maior parte das algas son unicelulares, e incluso as máis complexas (algunhas teñen tecidos diferenciados) non posúen verdadeiras raíces, talos e/ou follas.

Aínda que foron durante moito tempo consideradas plantas, só as algas verdes teñen unha relación evolutiva coas plantas superiores; os restantes grupos representan liñas totalmente independentes do desenvolvemento evolutivo que seguiron as plantas superiores.

As algas adoitan ser clasificadas segundo a súa cor en: verdes, pardúscas e avermelladas.



- ✦ *As de cor verde (clorofitas) viven en auga doce aínda que tamén as hai mariñas.*
- ✦ *As pardúscas chámanse feófitas e son algas mariñas caracterizadas pola súa cor parda. Úsanse como pensos e fertilizantes.*
- ✦ *As avermelladas chámanse rodofitas, son case todas mariñas e a súa cor vai do vermello ó púrpura case negro.*



★ Qué son?

Os fungos son un grupo de organismos microscópicos e eucariotas (un só núcleo) que se nutren de substancias elaboradas por outros seres vivos (e dicir, son heterótrofos) e que, actualmente, se clasifican no Reino Fungi (dominio Eukaryota).

Os fungos carecen de clorofila, e, igual que as algas, son talófitos, e dicir, non teñen: raíz; talo; e ,tampouco, follas. Reprodúcense por esporas. De todo isto, dedúcese que non se poden considerar (como se facía antes) plantas.

Foron xa descritas máis de 70.000 especies de fungos pero pode que existan ata 1,5 millóns. Os fungos viven en todos os ambientes do planeta: chan, auga, vexetais, humanos, e nos desperdicios en xeral. Fungos parásitos infectan animais, incluíndo humanos, con resultados que van dende unha leve infección ata a morte.



A función principal dos fungos no ecosistema é a de reciclar a materia orgánica descompoñéndoa para transformala en elementos inorgánicos.

Por último, subliñaremos que se empregan fungos para facer: medicamentos; remedios; e, mesmo, como terapia para diferentes enfermidades (cáncer, ...)

o aniversario

David González Gómez

Hum... que poucas gañas de levantarme... pero deben ser máis da unha do mediodía. Que raro que mamá non me obrigase a saír da cama! Estará limpando e pasoulle a hora. Non lle fai gracia ningunha que desaproveite toda a mañá, nin os domingos. Ben, ó mellor esta vez non lle importa. Onte cheguei tan tarde...

Vaia! Nin alcanzo o interruptor da luz. Non pasa nada. Fareime o remolón na cama un rato máis. Menudo aniversario! Cumprín os dezaioito, xa son maior de idade! Unha parvada coma outra calquera... aínda que onte paseino increíble. Ata conseguín o móbil dunha rapaza guapísima! Hoxe a chamo. Ou debería agardar ata maña?

Pero onde está o interruptor? Que raro! E o meu reloxo? Debo de estar a medio despertar por que non recoñezo a miña habitación. Hai pouca luz. E o meu armario? E os meus pósters? Creo que despertei totalmente.

Levántome.

Esta non é a miña habitación. Parece un hostel barato ou un sanatorio... e recordo que onte cheguei a miña casa, estou seguro.

A esquerda hai unha porta. Está pechada. Vexo outra, que abro. É o cuarto de baño. Síntome tan confundido que nin sequera teño medo. É bastante grande e alongado. Algo parece moverse! Ó fondo hai unha silueta de... unha persoa!

Está mirándome fixamente. Neste momento empezo a sentir terror. Que estaría facendo ese home alí toda a noite? Estaría vixiándome? Estarei secuestrado? Está moi quieto, petrificado, coma mín. Non o vexo moi ben. Vexo borroso, non sei por que. Parece moi vello. Apenas ten pelo e a pel é moi gris. É moi delgado e ten os ollos afundidos, como manchas escuras na súa cara. A súa expresión tamén é de terror.

Dou un paso adiante. A figura tamén avanza cara mín. Acercámonos ata case tocarnos... pero non é posible... É un espello!

A miña cara! O meu pelo! As miñas mans! Podo ver as miñas mans engurradas e grises, trementes. Xa o entendo! Aínda estou soñando! Agora acordarei... Mamá!

Espértame, por favor! Mamá!!!!

-Espertou! Axúdame a calmalo.

-Está moi nervioso... Chamo un enfermeiro?

-Non fai falta. Ten pouca forza... Xa está... dentro dun minuto estará durmindo.

-Cal é o seu diagnóstico?

-Un raro tipo de amnesia selectiva. Non recorda nada desde o día do seu dezaioito aniversario. Todos os días levántase chamando a súa nai...

-Agora xa está tranquilo...

-Si, ata que desperte de novo. Pasamos ó noso próximo paciente? Este é un caso moi curioso...



Así como existe unha árbore da Paz, existe tamén unha árbore da guerra.

Ben, en realidade non é unha árbore porque non está feita de materia viva, como a dos carballos ou os piñeiros, senón de ferro negro retorcido e enferruxado, inzada de espiñas longas e afiadas, como as que teñen os valados de arame que nos campos de batalla separan as trincheiras dos exércitos inimigos.

Esa árbore da guerra ten sementes.

As súas sementes están feitas de odio e teñen tamén agudas espiñas para chantarse mellor na carne das persoas e provocarles unha dor permanente. As sementes da árbore da guerra estenden as súas negras raíces até chegar aos corazóns da xente, que son o lugar que buscan para xerminar e facerse fortes.

E o peor de todo é que esas sementes son invisíbeis.


As sementes invisíbeis da árbore da guerra flotan no ar ao longo do mundo. Andan na procura dun conflito: unha discusión, unha pelexa, unha inxustiza... Calquera conflito, por pequeniño que sexa lles vale para tentar botar raíces e medrar.

A árbore da guerra, cando atopa un conflito, por pequeno que sexa, entra no corazón das persoas violentas e bota raíces e medra, medra e estende as súas negras pólas de ferro espiñento

até atrapar totalmente ás persoas que estean perto e aos seus amigos e seres queridos e envelenalos de odio, violencia, egoísmo, avaricia, medo...

Por iso, cando dous amigos se enfadan, ou dous compañeiros pelexan, ou se insultan, ou algúns alumnos se portan mal con outros; en todos os lugares onde as persoas se odien ou sexan egoístas, insolidarias, violentas, inxustas...as sementes da árbore da guerra atopan terra fértil para xerminar.

aÁRBOREdaGUERRA



Neses lugares, a árbore da guerra reproducese rapidamente e medra e pode chegar a formar grandes bosques escuros e terribes que se chaman guerras e dar os seus noxentos froitos en forma de bombas que estouran e matan e sementan a morte, a dor, a tristeza e a infelicidade durante moitos, moitos anos.

As negras sementes da árbore da guerra andan por aquí perto, a rondarnos, buscando o odio, a envexa, o rancor, a violencia nos nosos corazóns para poder medrar e destruír todo o que amamos.

Pero, desde logo, no CPI de CEA non llo vamos poñer fácil. Por iso hoxe, como cada ano, vamos celebrar o día da Paz e vamos plantar no noso centro unha pequena oliveira, para que nos axude a defendernos contra as sementes da guerra.

AS COPLAS DOS MAIOS

4º de primaria

Xa chegou o maio
ao cole de Cea
e trouxo estas coplas
pra que a xente as lea.

No noso colexio
facemos os maios,
danzamos alegres
e cancións tocamos.

Xa chegou o maio!
Imos celebrar,
pasear no campo
no río pescar.

Xa comeza maio
de todas as cores,
caraveis e rosas
e moitas máis flores.

Que maio quentiño!
Cantas flores brancas!
Que millo valente!
Que galiñas pardas!

Canta nena, canta,
na festa dos maios:
Na praza de Cea
venderás os años.

Xa cantan e rezan
os monxes de Oseira
para que non chova
os días de feira.

O sol preguiceiro
sae polo leste
a lúa de noite
parece un molete.

Queimaron o cole
e tamén roubaron,
os nenos de Cea
moi tristes quedamos.

Pobriño colexio,
custou moitos cartos,
nós do vandalismo
estamos ben fartos.

As xentes de Cea
somos moi valentes,
se temos problemas
apertamos dentes.

O noso colexio
moi bonito está,
olla para el
a xente ao pasar.

Os profes de Cea
os mellores son,
que todos os meses
fan unha excursión.

Na praza da vila
fixemos o entroido
dos pobos do mundo,
armamos estrondo!

Grazas condutores
do noso transporte,
se por vós no fora
non había cole.

Grazas cociñeiros,
grazas limpadoras,
grazas ao conserxe,
que fan moitas horas.

Foi o Xacobeo
orquestras tocaron
e coa Rosana
que ben o pasamos!

De moitos lugares
veñen peregrinos
pra ir a Santiago
facer o camiño.



As festas de Cea
sonche moi trouleiras
temos tenderetes
e pandeireiras.

No medio da praza
temos unha torre
con catro pilancos
onde a auga corre.

Na fonte de Cea
hai un reloxiño
que nos dá a hora
e nos dá cariño.

Os vellos de Cea
moi cucos che son:
miran para as guapas
e pras feas non!

Lixo polas rúas,
iso está moi mal!
A hixiene de Cea
é fundamental.

Este ano tocan
eleccións locais,
nelas sempre poden
votar pais e nais.

Esta crise mala
moito tempo dura
para cando pase
xa haberá outro cura.

O cura de Cea
é nos moi simpático
ensínanos moito,
corremos no adro.

Neste país triste
que ten mala sorte
traballar máis anos
e ter pasaporte.

O paro infinito
choio pequeniño
isto non se amaña
dentro dun pouquiño.

A xentiña chora
moi lonxe da terra
que lles dera estar
outra vez en Cea.

Na vila de Cea
hai un pan moi rico.
Sábeche tan ben
que merece un bico.

Os panadeiriños
desta nosa vila
fan o mellor pan
coa mellor fariña.

Fariña e trigo
pra facer o pan,
bos panadeiriños
e con boa man.

Padeiras de Cea
hai que traballar,
non vos ha valer
o panadeirar.

Un branco nin negro
nin o de centeo
non hai mellor pan
no planeta enteiro.

Tanta fama ten
en toda Galicia
que veñen probalo
con moita ledicia.

Imos rematando
as coplas dos maios
con moita alegría
dos nenos de cuarto.

Se non vos gustaron
botádelle mel
con leite e fariña
facer un pastel.

Xa nos despedimos
de hoxe nun ano,
que ao cole Cea
volverá o maio.

